



RESOLUCION DA ALCALDIA

Vistos Orzamentos municipais de 2022 nos que se consignaba a cantidade de 1.500 euros para o outorgamento da concesión de subvencións de maneira directa figurando expresamente na Base 33 das de execución do orzamento a prevista para a celebración da actividade PREMIOS DE ENTROIDO 2022.

En data 27 de decembro de 2022 n.º RE 751 , se presenta por Daniel Cao Vieito , en representación da Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo , solicitude de subvención nominativa por ter asumido os premios do entroido da anualidade 2022 por importe de 1.500,00 euros.

Emitiuse informe de Secretaría en relación co procedemento e a lexislación aplicable para a concesión directa de subvencións.

Coa data de hoxe realizouse a retención de crédito oportuna, figurando informe no que se acreditaba a consignación de suficiente aplicación orzamentaria nos Orzamentos , así como informe de fiscalización favorable.

Considérase que o expediente 456/2022 seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, polo que en exercicio das competencias legalmente atribuídas polos artigos 21 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do réxime local e artigo 62 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, RESOLVIN:

PRIMEIRO. Conceder a Asociación Cultura e Xuvenil O Castelo , provisto de CIF G- 27105816 subvención nominativa por importe de 1.500,00 euros pola actividade premios de entroido anualidade 2022 .

SEGUNDO. Proceder á autorización e disposición do gasto, e pagamento por un importe de 1,500,00 euros con cargo ao capítulo IV do vixente orzamento de gastos da Corporación , da que existe documento de Retención de Crédito RC 3639 expedido por Intervención.

TERCEIRO. Notificar aos interesados o outorgamento da concesión da subvención.

CUARTO.- Dése conta da presente á Base Nacional de Datos de Subvencions.

En Alfoz, na data da sinatura electrónica.

Asdo. Jorge Val Diaz.

